



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE XULLO DE 2018

LICENZAS

FAVORABLES.-

LAP/232/2014.- ARIDOS CNC, S.L.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por ARIDOS CNC S.L. e sobreseer o procedemento de revogación da licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno local do 20/05/2016 para a construción dunha planta de Elaboración de Tecnosoles a partir de residuos no lugar de Grixoa, Canteira Miramontes e estimar parcialmente as alegacións da entidade Asociación Ambiental Adiantum e requirir a TECNOSOLES GALAICOS, S. L. para que presenten en formulario oficial (CP-001) a comunicación previa de inicio de actividade de xestión e tratamento de residuos para a elaboración de tecnosoles no lugar de Grixoa, Canteira Miramontes e, por último, requirir a SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S. L.U. para que presenten en formulario oficial (CP-003) a comunicación previa de cambio de titularidade da actividade de xestión e tratamento de residuos en vertedoiro no lugar de Grixoa, Canteira Miramontes.

LIC/864/2016.- MARIA AURA EDREIRA CAMPOS.- Conceder licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa Campo de Santa Marta nº 6.

LAP/7/2017.- MANUEL SUÁREZ CANCELO.- Conceder licenza para executar obras de nova planta de edificio destinado a hotel na rúa dos Concheiros nº 46.

LIC/1679/2017.- RICARDO FRANCOS GENDRA.- Construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar Aldea de Abaixo nº 6

LIC/1910/2017.- MARÍA ISABEL TABOADA FERNÁNDEZ.- Conceder licenza para executar obras de cambio de cuberta no inmovible sito na rúa Entrepexigos nº 7.

RECTIFICACION DE ACORDO.-

LIC/2035/2017.- MIGUEL ÁLVAREZ TATO.- Rectificar de oficio o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 01 de xuño de 2018 en canto ó contido do Cadro cos parámetros da intervención incluído aos efectos previstos no artigo 357.4 do regulamento da Lei do Solo de Galicia.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a estimar parcialmente as alegacións presentadas, sobreseer o procedemento de revogación da licenza de obras outorgada para construción dunha planta de elaboración de tecnosoles a partir de residuos no lugar de Grixoa, Canteira-Miramontes; así como facer requirimentos a TECNOSOLES GALAICOS, S.L. e SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, para que presenten formularios oficiais. LAP/232/2014. Acórdase estimar parcialmente as alegacións de Áridos CNC S.L. e sobreseer o procedemento de revogación da licenza de obra outorgada pola Xunta de Goberno Local con data de maio de 2016 para a construción dunha planta de elaboración de tecnosoles na Grixoa, Canteira de Miramontes. Ao tempo, estímense parcialmente as alegacións da entidade Asociación Ambiental Adiantum, e requírese a Tecnosoles Galaicos S.L. para que presenten en formulario oficial a comunicación previa de inicio de actividade de xestión e tratamento de residuos para a elaboración de tecnosoles sen que mentres tanto poidan exercitar a actividade. Requírese tamén a Sertego Servicios Medioambientales S.L.U para que presenten en formulario oficial a comunicación previa de cambio de titularidade da actividade de xestión e tratamento de residuos no vertedoiro de Grixoa.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa Campo de Santa Marta nº 6. LIC/864/2016. Apróbbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de nova planta de edificio destinado a hotel na rúa dos Concheiros nº 46. LAP/7/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar Aldea de Abaixo nº 6. LIC/1679/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de cambio de cuberta no inmoible sito na rúa Entrepexigos nº 7. LIC/1910/2017. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a rectificar de oficio o acordo de data 01 de xuño de 2018 en canto ao contido do Cadro cos parámetros da intervención incluído aos efectos previstos no artigo 357.4 do regulamento da Lei do Solo de Galicia. LIC/2035/2017. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á venda das accións e cambio de denominación da sociedade COMSA APARCAMIENTOS S.L. Acórdase non autorizar a cesión do contrato de xestión do aparcamento da Praza Roxa, debendo volver á situación orixinal e asumir de novo COMSA Aparcamientos SL o 50% das UTES. En caso contrario, o Concello de Santiago veríase obrigado a tramitar a resolución dos contratos.

9 a 113.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e no imposto sobre bens inmoibles. Apróbase a proposta.

114.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á convocatoria de residencias de creación artística e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas para o curso 2018-2019, do Concello de Santiago. Apróbase a convocatoria de residencias de creación e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas na Sala Agustín Magán (Centro Cívico de Santa Marta) do Concello de Santiago.

115.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico dando conta da sinatura do convenio entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a promoción e celebración do programa "COMPOSTELA MÓVESE 2018" na cidade da cultura de Galicia. Dase conta.

116.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a posta en marcha do programa integral "EMPREGO E-COM". Apróbase a solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a posta en marcha do proxecto. A axuda que se solicita á Xunta é de 175.340,74 euros, e o importe total do proxecto será de 219.175,92 euros.

117.- Dar conta pola concelleira delegada de Igualdade da sinatura da carta temática igualdade MH nas artes escénicas-folla de ruta. 1º ciclo 2016-2021. Temporada primeira. Dase conta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza do contrato das Instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos da zona histórica, do Ensanche e das parroquias de Santiago durante as festas do Nadal 2016. Apróbase a proposta.

2.--Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza do contrato de Subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago. Apróbase a proposta.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adjudicación do

“Subministro dun vehículo tipo furgón transformado en vehículo policial para servizo de atestados”. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 21.175 euros, IVE incluído.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do “Subministro dun vehículo todoterreo tipo Pick Up para Protección Civil do Concello de Santiago”. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 18.755 euros, IVE incluído.

5.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á autorización previa e expresa para a modificación do contido dos proxectos presentados na convocatoria das subvencións de cooperación ao desenvolvemento, ano 2017. Apróbase a proposta.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á adxudicación do Servizo para axestión da escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Servicios y Materiales S.A. por un importe de 400.674,34 euros/ano, exento de IVE.

7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiagio en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía de Industria e Competitividade e o Concello de Santiago, financiado nun 80% por fondos FEDER. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 565.000 euros, IVE incluído. O proxecto SMARTiagio finánciase nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

8.-Proposta de alcaldía para dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Asociación Cultural Correlingua para as actividades do Correlingua en Santiago. Dase conta da sinatura do convenio, por un importe de 2.500 euros.

9.-Recoñecementos extraxudiciais de crédito. Apróbase a proposta